

O PSOE de Ribeira de Piquín confía de novo en Fernández Rico para encabezar unha candidatura un 60% renovada

Afrontan o proxecto coa ilusión de gañar e poder traballar “por e para” os veciños e veciñas de Ribeira de Piquín. “Poñeremos todas as nosas ganas e esforzo para acabar coa opacidade coa que goberna o PP no concello”, indica o alcaldable

A candidatura socialista pretende dar resposta ás principais demandas e necesidades dos veciños e veciñas do municipio e, para iso, “crearemos unha forma de gobernar que, fronte aos anos de pasotismo e deixadez do goberno actual, atenda as verdadeiras inquedanzas da cidadanía”

RIBEIRA DE PIQUÍN, 28 DE ABRIL DE 2015.- A agrupación do PSOE de Ribeira de Piquín, contará por segunda vez consecutiva con Roberto Fernández Rico para encabezar o proxecto socialista que concorrerá ás eleccións municipais o 24 de maio. Trátase dunha lista composta por 7 integrantes e 3 suplentes que combina xente con experiencia política e persoas que veñen a renova-la nun 60%.

Afrontan o proxecto coa ilusión de gañar e poder traballar “por e para” os veciños e veciñas de Ribeira de Piquín. “Poñeremos todas as nosas ganas e esforzo para acabar coa opacidade coa que goberna o PP no concello”, indica o alcaldable.

A candidatura socialista pretende dar resposta ás principais demandas e necesidades dos veciños e veciñas do municipio, e para iso “crearemos unha forma de gobernar que, fronte aos anos de pasotismo e deixadez do goberno actual, atenda ás verdadeiras inquedanzas da cidadanía”, indica Fernández Rico.

Fin ao descontrol

“Queremos poñer fin aos anos de descontrol municipal, aos anos de investimentos sen cabeza; apostamos por unha xestión real e efectiva que evite o despoboamento. Queremos ofrecer os servizos que realmente demanda a cidadanía e crear un proxecto de futuro para Ribeira de Piquín”, conclúe.

A candidatura coa que o PSOE pretende acadar a alcaldía do municipio, é a seguinte:

- 1.- Roberto Fernández Rico
- 2.- Alberto Ferreiro Ferreiro
- 3.- María Encarnación Álvarez Méndez
- 4.- María Luisa López Pardo
- 5.- Antonio Gómez Gómez
- 6.- Elia Fernández Álvarez
- 7.- Casimiro Fernández Cancio

Suplentes:

- 1.- Sandra Fernández Llousas
- 2.- Félix Fernández Fernández
- 3.- Alberto García García